

## INSTRUCCIÓNS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CORRECCIÓN DO QUINTO EXERCICIO

Reunido o día 1 de xuño de 2023 o Tribunal das probas selectivas para o acceso á escala de axudantes de arquivos, bibliotecas e museos, especialidade bibliotecas, subgrupo A2, vacantes no cadro de persoal funcionario, polas quendas de promoción interna e de acceso libre (Resolución reitoral do 11 de novembro de 2021, DOG do 24 de novembro de 2021), en cumprimento da disposición da convocatoria que establece que *“Antes da realización de cada exercicio, o tribunal deberá ter aprobados e publicados os criterios de avaliación e corrección”*, e tendo en conta as previsións da devandita convocatoria respecto do quinto exercicio:

*“Quinto exercicio: obrigatorio e non eliminatorio.*

*Consistirá na tradución por escrito, sen dicionario, para o castelán ou galego dun documento relacionado co temario da convocatoria redactado nunha das seguintes linguas comunitarias: inglés, francés, alemán, italiano ou portugués. As persoas aspirantes deberán facer constar na epígrafe correspondente da solicitude o idioma elixido.*

*O tempo máximo para a realización deste exercicio será dunha hora e a súa valoración será de 0 a 5 puntos. Antes da realización de cada exercicio, o tribunal deberá ter aprobados e publicados os criterios de avaliación e corrección.”*

O Tribunal cualificador **ACORDOU** facer públicos os seguintes **CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CORRECCIÓN** do quinto exercicio da fase de oposición:

- 1.- Tradución completa do texto presentado no tempo establecido na convocatoria. (1 hora).
- 2.- Corrección lingüística
  - 2.1.- Avaliación da estrutura do texto:
    - i. Sintaxe adecuada
    - ii. Cohesión e coherencia do discurso na lingua de chegada en adecuación co orixinal.
    - iii. Puntuación correcta
  - 2.2.- Avaliación lexical da tradución:
    - i. Terminoloxía adecuada
    - ii. Ausencia de falsos amigos, contrasentidos e falsos sentidos
    - iii. Fraseoloxía, fórmulas de uso estándar e combinatorias lexicais apropiadas
    - iv. Coherencia lexical
- 3.- Precisión na tradución, sen erros de interpretación.
  - i. Interpretación correcta do texto de orixe
  - ii. Semántica consecvente e acorde co texto orixinal

Non se poderá utilizar ningún tipo de material complementario nin dispositivos electrónicos.

Santiago de Compostela, na data de sinatura electrónica

A Presidenta do Tribunal

María Isabel Casal Reyes

*Taboleiro electrónico da Sede Electrónica e Páxina web das convocatorias da Subárea de Planificación de PAS*

## Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

**Asinante/Firmante/Signer:** MARIA ISABEL CASAL REYES, DIRECTORA BIBLIOTECA UNIVERSITARIA,  
UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 06/06/2023 09:54:32.

**CSV:** 3E4A-FBC5-495E-92E2